

Boqueixón amplía e mellora a súa rede municipal de saneamento

O Concello inviste 70.000 euros en actuacións en Deseiro de Abaixo e Quián (Sergude), A Granxola (Codeso), Loureda (Loureda), Espiñeira (Lamas) e Frenza (Sucira)

O Concello de Boqueixón vén de licitar dous proxectos de ampliación e mellora da rede municipal de saneamento nos que investirá preto de 70.000 euros e que beneficiarán a seis aldeas do municipio. Dúas actuacións coas que o Concello de Boqueixón continúa avanzando no cumprimento do seu obxectivo de levar o saneamento ao 100% dos 105 núcleos do municipio, “algo excepcional para un pequeno municipio rural que xa ten conseguido algo sen parangón no resto da provincia: que o 100% da veciñanza teña acceso a un abastecemento de auga de calidade”, apunta o alcalde, Ovidio Rodeiro.

O primeiro dos proxectos adxudicados suporá un investimento de 40.000 euros na ampliación da rede de saneamento en Deseiro de Abaixo e Quián (Sergude), A Granxola (Codeso) e Loureda (Loureda). Instalaranse 485 metros de tubaxe, 15 pozos de rexistro e 5 arquetas de conexión.



Obras de ampliación da rede de saneamento en Quián (Sergude)

As obras serán executadas por Hermanos Couto Fandiño SL.

Vivendas illadas

O segundo proxecto for-

ma parte dun plan municipal elaborado en 2024 para mellorar o sistema de saneamento en vivendas alonxadas de núcleos de poboación, utilizando fosas

sépticas comúns con sistemas de infiltración no terreo para a depuración das augas residuais de pequenos grupos de vivendas. Así evítase a instalación de quilómetros e quilómetros de canalización.

Nesta ocasión, a actuación centrarase nas aldeas de Espiñeira (Lamas) e Frenza (Sucira). En ambos os dous casos contémpase a instalación dun sistema de saneamento composto por unha foxa séptica horizontal de poliéster reforzado de fibra de vidro con dúas cámaras (decantador-dixestor e zona de clarificación), unha arqueta de toma de mostras e un pozo de infiltración, con recheo de grava. Prevese dar servizo a sete vivendas de Espiñeira e outras sete vivendas de Frenza.

Este proxecto de instalación de sistemas de saneamento autónomo foi adxudicado tamén á firma Hermanos Couto Fandiño SL, por un importe de 29.725 euros.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

01 set / 30 set

LESTEDO

Campo da festa

01 out / 01 nov

LAMAS

Campo da festa

02 nov / 30 nov

VIGO

Campo da festa



Adxudicada por 383.000 € a obra de mellora de itinerarios peonís en Lestedo

A Xunta vén de adxudicar as obras de mellora de itinerarios peonís en Lestedo por un importe de 383.521 euros á empresa Francisco Gómez y Cia, SL. Un acto enmarcado no convenio de colaboración asinado pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro.

Na rúa Castrelo inclúense a renovación da beirarrúa, así como a instalación de bordo. Na marxe oposta da rúa proxéctase a construción dunha senda peonil de 120 metros de lonxitude, con bordo prefabricado tipo "xardín" no límite exterior da senda. Tamén se renovará a capa de rodaxe do viario municipal neste treito e se substituirá a sinalización.

Na avenida do Vinte-seis renovarase un treito mediante a reforma das beirarrúas existentes e faranse outras novas, que darán servizo ao novo espazo de aparcamento proxectado. Ademais, levarase a cabo a execución da rede de pluviais e os respectivos pozos de rexistro e arquetas; así como a de alumeado, coa execución da súa canalización e das correspondentes arquetas, báculos e luminarias.

A Xunta inviste 1,1 millóns de euros en 13,6 km da AC-960 en Boqueixón

A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, acompañada polo alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e pola directora territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Begoña Freire, visitou as obras de reforzo de firme na estrada AC-960 ao seu paso polo municipio.

O Goberno galego está a investir preto de 1,1 millón de euros para mellorar o estado do pavimento e reforzar a seguridade viaria neste importante eixo de comunicación que beneficiará directamente aos case 4.300 veciños de Boqueixón.

Mellora de dous treitos

A intervención permite actuar en dous treitos, un de 8,1 quilómetros e outro de case 5,5 quilómetros, renovando unha infraestrutura moi utilizada tanto polos veciños e veciñas



Belén do Campo e Ovidio Rodeiro inspeccionaron o bo avance das obras

como polos numerosos vehículos que circulan diariamente por esta zona. A obra xa está na súa maioría executada, quedando pendente dende o punto quilométrico 3 ao 16, que estará listo antes de rematar o verán.

A delegada da Xunta tamén destacou que nesta mesma estrada AC-960 tamén se actuará nun tramo do Concello de Santiago e noutro tramo s do

Concello de Touro o que supón unha intervención total en preto de 17 quilómetros.

Belén do Campo subliña que se trata dunha actuación "moi necesaria para seguir mellorando as condicións de circulación, incrementar a comodidade dos usuarios e, sobre todo, reforzar a seguridade viaria nunha estrada fundamental para a mobilidade diaria do municipio".

Comezan as obras de mellora da escola infantil municipal Raiña Lupa

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de mellora das instalacións da escola infantil municipal Raiña Lupa, de Lestedo. Un centro no que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia vai investir preto de 50.000 euros.

Un cartos que servirán para adaptar a parte exterior do parque infantil para acoller unha zona destinada especificamente a nenos e nenas de 0 a 3 anos. Así mesmo, realizaranse obras de mellora no interior do inmovible, como a adaptación

da cociña e a adquisición de novo equipamento para as aulas.

Finalmente, colocarse unha cuberta no acceso principal á gardería, o que permitirá evitar que as familias e a rapazada se molle durante a entrada e saída do centro.

Boqueixón responde ao 100% de novos enganches de auga en 24 horas

O Concello de Boqueixón responde en menos de 24 horas ao 100% das solicitudes urxentes de novos enganches de auga no municipio. Un traballo que permitiu tramitar 27 novas altas na rede municipal de abastecemento nos últimos meses: 9 en Lestedo, 7 en Sergude, 2 en Boqueixón, Vigo e Ledesma e 1 en Pousada, Lamas, Codeso e Loureda.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, explica que “Boqueixón conta cunha potente rede municipal de abastecemento que nos permite dar servizo a practicamente o 100% das casas, un esforzo continuo que nos converte nun dos concellos cunha maior cobertura neste servizo esencial”, ao tempo que anuncia que “seguiremos ampliando a rede municipal para chegar a máis fogares”. As últimas obras tiveron lugar durante este mesmo verán en Pumares



Obras de conexión dunha vivenda en Loureda, cun ramal de 100 metros

(Sergude), Loureda e Boqueixón.

Rodeiro explica que “a escaseza de auga é un proble-

ma cada vez máis frecuente para moitas familias, polo que actuamos coa máxima rapidez e en moitos casos

Abastecemento de auga de calidade e sen restricións

A diferenza do resto da comarca e de gran parte de Galicia, en Boqueixón o abastecemento de auga estivo garantido durante o verán. Iso é así porque dispoñemos de ata tres puntos de captación, especialmente o do río Ulla, unido a anos de investimento nunha rede que permite garantir un servizo de calidade no 100% das aldeas.

Sen embargo, a auga é un recurso escaso, polo que é importante que todos sigamos apostando por un consumo responsable. Sobre todo porque a planta potabilizadora está a traballar 23 horas ao día e non están os tempos para despilfarrar auga.

conseguimos que dispoñan da auga municipal en apenas 24 horas desde que se detecta a incidencia”.



Sergude acolle “Experiencia Galicia Calidade do Verán”

O CFEA de Sergude acolleu o campamento de temática culinaria “Experiencia Galicia Calidade do Verán”, dirixido a nenos e nenas de 9 a 13 anos que aprenderon a importancia dos produtos de quilómetro 0 e calidade diferenciada da nosa terra (DOP e IXP) da man de cociñeiros de renome.



As paisaxes de Boqueixón convértense nun estudo fotográfico

34 afeccionados á fotografía de toda Galicia participaron na quedada “Coñece o concello de Boqueixón”, organizada por Fotowalk Galicia. O concelleiro de Cultura, Gonzalo Redondo, doulles a benvida a un percorrido por Ponte Ledesma e o Pico Sacro, cunha cata en Enoturismo María Manuela e visita á Casa Grande de Donas, percorrendo os viñedos.

Máxica Noite Velada en Ponte Ledesma...

Un campo do río de Ponte Ledesma engalanado para a ocasión con centos de candeas acolleu o pasado sábado 8 de agosto unha nova edición da “Noite Velada”, organizada polo Concello de Boqueixón coa colaboración da Deputación da Coruña. Este ano a música correu a cargo dos grupos locais Raeira e Muxicas da Silveira, da asociación cultural Mestre Manuel Gacio, e Son de Gaita.

Unha atmosfera íntima e acolledora para que veciñanza e visitantes puideran gozar dunha noite de exaltación da cultura e da música tradicional, nun entorno privilegiado que reforza a identidade e o patrimonio do noso municipio ás beiras do río Ulla e da histórica ponte de Ledesma. A presenza de postos de bebida permitiron que a festa se alongara ata ben entrada a madrugada.



...e exitosa visita teatral “A ponte da Honra”



Máis de dúascentas persoas viaxaron pola historia na visita guiada teatralizada “A Ponte da Honra”, celebrada en Ponte Ledesma. As persoas participantes fixeron un percorrido polos episodios e historias máis senlleiras que rodean á batalla de Ponte Ledesma da man do recoñecido guía e actor Suso Martínez. Nesta ocasión contou coa participación da veciñanza do concello e o acompañamento musical de Muxicas da Silveira.

A boa acollida desta iniciativa fai que xa se pense nunha nova edición, co acompañamento da Banda Unión Musical de Ponteledesma e moitas sorpresas.

O Pico Sacro rexistra máis de 2.500 visitantes no que vai de verán

Un total de 2.593 turistas visitaron o Pico Sacro entre o 16 de xullo e o 30 de agosto, coincidindo coa posta en marcha dos "Tardeos no Pico Sacro", unha iniciativa do Concello para poñer en valor o seu enclave turístico máis importante, que acaba de ser elixido pola Xunta para converterse en Ben de Interese Cultural, a través dunha nova e completa oferta cultural, turística e gastronómica. Unhas cifras ás que hai que engadir os 1.145 peregrinos que pernoctaron durante ese tempo no pavillón de Lestedo.

O día de maior afluencia coincidiu coa eclipse do 12 de agosto, xornada na 1.000 persoas se deron cita no Monte Ilcino e que contaron cunha charla de Xabi Molina, veciño de Lestedo afeccionado á Astronomía, segundo datos do servizo de Información Turística de Boqueixón.



O día de maior afluencia foi a eclipse do 12 de agosto, con 1.000 visitantes

A gran maioría procede da comarca de Compostela (Santiago, Vedra, Ames, Teo...), así como de A Estrada, Vilagarcía, Pontevedra e Ourense. Por autonomías, o maior número chega de Madrid e Andalucía, seguidos por Cataluña e Valencia. En canto a visitantes internacionais, EEUU é o país con máis representación, seguido por Francia, Bélxica, Canadá, Italia e Inglaterra.

Ata o próximo mes de outubro, a food-truck "Sabores que te suben ao Pico"

estará dispoñible todos os venres, sábados, festivos e vésperas de festivos en horario de 15:00 a 22:30 h, así como os domingos, de 12:00 a 20:30 h. Paralelamente, haberá visitas guiadas de mércores a domingo, con saída do aparcamento do Pico Sacro ás 12:00, 16:00, 18:00 e 20:00 horas. Recoméndase reservar praza en: boqueixonturismo@gmail.com ou no 981 513 061. Dúas accións que contan coa financiación da Deputación da Coruña.

Abertas inscricións na escola deportiva Vedra-Boqueixón

A escola deportiva Vedra-Boqueixón vén de abrir inscricións para a temporada 2026-2027 do seu equipo de baloncesto. Haberá dúas categorías: infantil (nados/as en 2013 e 2014) e minibasket (nados/as entre 2015 e 2020). Máis información: vedraboqueixoned@gmail.com e no 663 893 398.

No que atinxe á escola deportiva de fútbol, haberá sete categorías: Xuvenil (nados en 2008, 2009 e 2010), Cadete (2011 e 2012), Infantil (2013 e 2014), Alevín (2015 e 2016), Benxamín (2017 e 2018), Prebenxamín (2019 e 2020) e Biberón (2021 e 2022). Máis información: vedraboqueixoned@gmail.com e no 622 629 205.

Inscricións nas escolas deportivas de baloncesto e fútbol en: <https://www.vedraboqueixoned.org>.



Case 100 mozos/as de Boqueixón e Vedra viaxan a Ibiza

Un grupo de cae cen mozos e mozas de Boqueixón e Vedra tomaron parte no Campamento Xuvenil 2026, que este ano tiña como destino a illa de Ibiza. Aló tomaron parte en xogos e dinámicas e desfrutaron de saídas á praia, paseos en barco e visitas ao Mercado de Las Dalias e a distintos museos locais.



O alcalde agradece o compromiso do voluntariado xuvenil

O alcalde, Ovidio Rodeiro, achegouse a coñecer de preto o labor que desenvolven os mozos e mozas que participan no Servizo de Voluntariado Xuvenil do Concello de Boqueixón. Un exemplo de solidariedade e responsabilidade que permite realizar actividades que benefician a toda a veciñanza.

Festas de verán en case todas as parroquias

As festas foron as grandes protagonistas do mes de agosto. As máis madrugadoras foron as festas patronais de Ponte Ledesma, con actuacións de Son de Gaita, Trío Manhattan, orquestra Triunfo e charangas Noroeste e e Chámalle X.

Do 10 ao 12 de agosto coincidiron as Festas Patronais de Pousada, con sesión vermú final do Dúo Punto Zero; coas de San Lorenzo da Granxa, con Aires de Broña, Son de Gaita, Dúo Élite, JB Son e Trío Manhattan. Do 15 ao 17 de agosto, Camporrapado tomou o relevo coas súas festas na honra a Santa María, coa Banda de Música de Teo, Leite con Jalletas, La Vissión, Dúo Charada e Los Coleguitas.

Finalmente, Loureda volveu celebrar as súas Festas do Carmen e Lestedo homenaxeou ao Santísimo e a Santa María, co matrimonio Boana Cebeiro como os funcionistas da festa ao cumprir as vodas de ouro.



Gastrar



Loureda



Camporrapado



A Granxa



Lestedo



Lestedo



Gran participación no servizo de comedor do Verán Activo

O alcalde, Ovidio Rodeiro, compartiu unha charla cos nenos e nenas que participaron no comedor do servizo de conciliación Verán Activo, unha iniciativa que está a colleitar un gran éxito de participación. Un exemplo de como axudar ás familias a conciliar durante as vacacións escolares.



Unha vintena de nenos desfrutaron dos cursos de natación

Un total de 22 nenas e nenos desfrutaron do curso de natación na piscina municipal do Forte. O Concello ofreceu dous niveis diferentes: un de iniciación para os que precisaban aprender a nadar e outro de perfeccionamento, para mellorar as súas habilidades na auga.

A Feira de Lestedo acollerá “A postalería da Vía da Prata”

A Feira de Lestedo acollerá o próximo domingo 20 de setembro “A postalería da Vía da Prata”, un proxecto de fotografía documental e participación cidadá cofinanciado pola Xunta de Galicia que permitirá que veciñanza, peregrinos e visitantes poidan enviar de balde unha postal coas imaxes máis fermosas da Vía da Prata. Unha iniciativa que busca poñer en valor o patrimonio paisaxístico e cultural desta ruta xacobeá.

A instalación inclúe un panel expositor con 24 postais deseñadas a partir de espectaculares fotografías realizadas por Adolfo Enríquez ao longo da Vía da Prata: paisaxes, oficios, gastronomía, xentes... Cada persoa que se achegue pola Feira de Lestedo poderá elixir unha delas, escribir unha mensaxe e enviala a calquera lugar do mundo.



Instalación de “A postalería da Vía da Prata” que poderá verse en Lestedo

O noso camiño

Por outra banda, o domingo 6 de setembro a Feira de Lestedo acollerá tamén unha parada do proxecto “O Noso Camiño”, unha iniciativa artística e participativa impulsada polo mencionado fotógrafo Adolfo Enríquez, que convidará aos presentes a construír unha escultura colectiva que servirá posteriormente de inspiración para elaborar un libro fotográfico sobre os Camiños de Santiago.

Para participar haberá que responder a unhas preguntas sobre a experiencia no Camiño nunha fichas de gran tamaño, que se irán encaixando ata completar unha escultura colectiva e orgánica ao final da mañá. Todas esas resostas servirán para elaborar un libro fotográfico sobre o Camiño que se editará en formato dixital, de acceso gratuito e que estará dispoñible para todo o que o desexe na web: onosocamino.com.

Convocados novos cursos de Mente Activa e Novas Tecnoloxías

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición do programa Maiores Activos, que inclúe cursos de Mente Activa e Novas Tecnoloxías. Mente Activa terá lugar en Lestedo todos os venres, de 11:30 a 13:00 h. Trátase de actividades para traballar a memoria e a atención que axudan a atrasar o deterioro cognitivo.

Os cursos de informática e móbil terán lugar os martes no Forte (sen coñecementos, ás 17:30 horas, e con coñecementos previos, de 16:00 h) e os venres en Lestedo (con coñecementos previos, de 10:00 a 11:30 h).

O prezo é de 15 euros/mes e os cursos terán lugar de outubro a xuño. Inscripcións antes do 25 de setembro. Información: 981 513 115.



Charla especializada sobre a eclipse solar dende Boqueixón

O centro de interpretación do Pico Sacro acolleu a charla “A eclipse solar dende Boqueixón”, na que José Ángel Docobo e Emilio Elisabetta, do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, adiantaron todas as claves e detalles científicos para comprender este evento, que tivo lugar un par de semanas despois.



Aprendendo a relaxarse co taller de respiración consciente

O centro de interpretación do Pico Sacro quedou pequeno para acoller un taller de respiración consciente, dirixido por Iria Argiz. As asistentes puideron experimentar os beneficios do autocoidado e xestión do estrés a través de diferentes técnicas de control do aire e concentración plena na propia respiración.

Horario das actividades físicas e deportivas para persoas adultas

Este mes de setembro comezan as actividades físicas e deportivas para persoas adultas, nas que están anotadas preto de 200 persoas. O curso prolongarase ata xuño de 2027 de acordo coa táboa de horarios anexa. A oferta mantén as actividades tradicionais, con pilates como gran estrela con 9 grupos, 3 máis co ano pasado. Ademais, haberá tamén dous grupos de pilates terapéutico, un máis que en 2026. Así mesmo, o Concello organizará tres grupos de zumba e outros tres de ioga.

Tamén haberá un grupo de step, de ximnasia de maiores e de bailoterapia, ás que hai que engadir as novidades chegadas hai xa uns e que repiten debido á súa boa acollida: Circuito saudable para persoas maiores e Cross Funcional.

Actividades para nen@s

Ademais, o Concello abre inscricións nas actividades para nenos e nenas, que darán comezo no mes de outubro. Este ano a oferta inclúe: judo, patinaxe e ximnasia rítmica. Máis información no Departamento de Deportes, 981 513 061 ou cultura@boqueixon.es.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
MODALIDADE	DÍA	HORA	LUGAR
PILATES I	Luns e Mércores	10:00 h	O Forte
PILATES II	Martes e Xoves	10:20 h	O Forte
PILATES III	Luns e Mércores	17:30 h	O Forte
PILATES IV	Luns e Mércores	18:20 h	O Forte
PILATES V	Luns e Mércores	19:00 h	O Forte
PILATES VI	Martes e Xoves	18:00 h	O Forte
PILATES VII	Martes e Xoves	19:30 h	O Forte
PILATES VIII	Martes e Xoves	20:30 h	O Forte
PILATES	Martes e Xoves	17:15 h	Ledesma
PILATES TERAPÉUTICO I	Martes e Xoves	11:10 h	O Forte
PILATES TERAPÉUTICO II	Martes e Xoves	12:00 h	O Forte
PILATES TERAPÉUTICO III	Luns e Mércores	10:50 h	O Forte
ZUMBA	Luns e Mércores	19:00 h	Camporrapado
ZUMBA	Luns e Mércores	20:15 h	O Forte
ZUMBA	Martes e Xoves	21:30 h	Lestedo
XIMNASIA MAIORES	Martes e Xoves	18:30 h	O Forte
IOGA	Venres	10:40 h	O Forte
IOGA I	Mércores	19:00 h	Camporrapado
IOGA II	Mércores	20:00 h	Camporrapado
STEP	Martes e Xoves	19:30 h	O Forte
BAILOTERAPIA	Venres	18:45 h	O Forte
CIRCUIT TRAINING I	Luns e Mércores	16:45 h	O Forte
CIRCUIT TRAINING II	Martes e Xoves	17:00 h	O Forte
CIRCUIT TRAINING III	Venres	18:00 h	O Forte
CROSS FUNCIONAL I	Luns e Mércores	20:30 h	O Forte
CROSS FUNCIONAL II	Luns e Mércores	21:30 h	O Forte
CROSS FUNCIONAL III	Martes e Xoves	21:30 h	O Forte

AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Domingo 6 **"O Noso Camiño"**
Feira de Lestedo. Ás 11:00 h.
Iniciativa artística e participativa para recoller as impresións da veciñanza sobre os Camiños de Santiago.

Domingo 6 **Calma e Benestar no Pico sacro**
Aparcadoiro do Pico Sacro. 20:00 h
Actividade de relación a través do movemento corporal, respiración, meditación... Organiza GDR Terras de Compostela. Inscricións: <https://forms.gle/JSNfasZE9zhJ3RKA>

Mércores 9 **Conciliación 2026-27**
Inicio dos servizos de conciliación familiar **Madruga Boqueixón e Tardes Educativas e de Lecer**, nos que se admitiron todas as solicitudes. Plan Corresponsables.

Xoves 10 **Doazón de Sangue**
O Forte. Diante do centro de Saúde. De 9:30 a 12:00 horas.
Camporrapado. Diante da Casa da Cultura. De 16:00 a 21:00 horas.

Venres 18 **Gala do Deporte**
Casa da Cultura de Camporrapado. A partir das 20:00 horas.

Domingo 20 **"A Postaloría da Vía da Prata"**
Feira de Lestedo. Ás 11:00 h.
Iniciativa artística e participativa na que a veciñanza poderá enviar unha postal gratis da Vía da Prata a calquera lugar do mundo

Venres 25 **Maiores activos**
Fin do prazo de inscrición nos cursos de Mente Activa e Novas Tecnoloxías. Máis información: Dpto de Cultura (981 513 115).

...e en outubro

Mércores 28 **Tramitación do DNI e do pasaporte**
Casa do Concello. Horario de mañá. En caso de choiva trasladarase ao Pavillón de Lestedo. Imprescindible pedir cita previa no: 981 513 115.

Sábado 31 **Concurso de fotografía "Boqueixón en imaxes"**
Fin do prazo de recepción de orixinais a través da web www.boqueixon.gal.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.es | boqueixonturismo@gmail.com